

Folgar hoxe, mañá festa, boa vida é esta

0 magosto



- 1 Souto
- 2 Torreiro
- 3 Rapaz
- 4 Rapaza
- 5 Botar un baile
- 6 Fogueira/larada
- 7 Castiñeiro
- 8 Folla
- 9 Taloura
- 10 Tixolo
- 11 Bullotes/ castañas
- 12 Cucurucho
- 13 Cáscaras
- 14 Porrón

A formación do plural

Palabras rematadas en vogal ou en ditongo	As palabras rematadas en vogal, tónica ou átona, ou en ditongo forman o plural engadindo -s	Mesa, mesas; custo, custos; irmá, irmás; café, cafés; lei, leis; rei, reis; bocoí, bocoís
	Os estranxeirismos acabados en vogal forman o plural engadindo -s ou ben respectando a forma de plural da lingua de orixe	Spray, sprays; hippy, hippys ou hippies
Palabras rematadas en -r e -z	As rematadas en -r e -z engaden o morfema -es sobre o singular	Mar, mares; calor, calores; luz, luces
	Os estranxeirismos adecúanse á regra xeral	Palier, palieres; somier, somieres; dólar, dólares
	Exceptúanse algúns casos de termos pouco integrados, que poden formar o plural engadindo -s	Póster, pósteres ou pósters; júnior, júniors ou júniors
Palabras rematadas en -s e -x [ks]	As agudas acabadas en -s forman o plural engadindo -es	Deus, deuses; compás, compases
	Exceptúanse as que rematan en grupo consonántico (incluíndo entre estas as acabadas en -x [ks]) que permanecen invariables	Luns, fax, lux, unisex
	As graves e esdrúxulas acabadas en -s ou -x [ks] son invariables e presentan, xa que logo, a mesma forma no singular e no plural	Choromicas, lapis, martes, oasis, xoves, mércores, bíceps, tórax, clímax, télex
Palabras rematadas en -n	As rematadas en -n engaden -s	Can, cans; lambón, lambóns; lacazán, lacazáns; dolmen, dolmens; mitin, mitins
Palabras rematadas en -l	Os monosílabos rematados en -l engaden o morfema -es	Cal, cales; el, eles; gol, goles; mal, males; mel, meles; mil, miles; mol, moles; pel, peles; ril, riles; rol, roles; sal, sales; sol, soles; tal, tales; til, tiles; val, vales
	Nas palabras agudas de máis dunha sílaba, o -l do singular substitúese polo morfema -is	Animal, animais; papel, papeis; fiel, fieis; cruel, crueis; civil, civís; control, controis; azul, azuis

	Ollo: as palabras acabadas en <i>-il</i> resólvese en <i>-ís</i>	Cadrís, non *cadrís
	As palabras compostas en que o segundo elemento é algún dos monosílabos citados máis arriba fan o plural en <i>-les</i> (o plural de <i>aquel</i> é <i>aqueles</i> , pola mesma razón indicada para <i>el, eles</i>)	Ollomoles, chuchameles, papasoles, mirasoles, miravales
	A pesar da súa aparencia, <i>caracol</i> e <i>aerosol</i> non son compostos de <i>col</i> e <i>sol</i> , os seus plurais son, xa que logo, regulares	Caracois e aerosois
	As palabras graves rematadas en <i>-l</i> forman o plural engadindo o morfema <i>-es</i>	Áxil, áxiles; difícil, difíciles; útil, útiles; túnel, túneles; cónsul, cónsules
	Exceptúanse as acabadas <i>-bel</i> , que fai o plural en <i>-beis</i>	Amábeis
Palabras rematadas noutras consoantes	As voces acabadas en consoantes distintas das que vivos ata o de agora son na súa maior parte estranxeirismos ou cultismos, e forman o plural engadindo <i>-s</i>	Club, clubs; pub, pubs; sándwich, sándwichs; round, rounds; álbum, álbums; clip, clips; hándicap, hándicaps; robot, robots; test, tests

Aa Adverbios de cantidade

Abondo/a	Había alí castañas abondas
Apenas	Apenas probou bocado
Bastante/s	Probou as castañas bastantes veces
Dabondo	Temos comida dabondo para todos
De máis	Xantei de máis
De menos	Sempre cea de menos para descansar ben
De sobra	Leva froita de sobra para todos
Moito/a	É de moito comer
Pouco	É de pouco comer
Só	Só como produtos da horta



O verbo. O antepretérito

1ª conxugación	2ª conxugación	3ª conxugación
andara	varrera	partira
andaras	varreras	partiras
andara	varrera	partira
andaramos	varreramos	partiramos
andarades	varrerades	partirades
andaran	varreran	partiran

Usos

Accións que tiveron lugar antes do pretérito, é dicir, antes do pasado:

- Cando viñeches nós xa bailaramos moitísimo.

Expresa cortesía:

- Quixera comprar dous billetes para o concerto, por favor.

Expresa desexo:

- Quen puidera ir a todos os concertos que hai durante o verán!



Ligazóns de interese

- > Denominacións de orixe (viños)
- > Denominacións de orixe de Galicia e produtos con indicación xeográfica protexida
- > Festas de interese turístico en Galicia
- > Festas en Galicia
- > Quen é o Apalpador?
- > O entroido
- > Os Maíos
- > A Rapa das Bestas



Notas da sesión